



INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS DO PROCESO DE MATRICULACIÓN

A) A normativa reguladora da admisión do alumnado é a seguinte: Decreto 13/2022, do 13 de decembro (DOG do 11 de febreiro de 2022), a Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG do 15 de marzo de 2013), a Orde do 25 de xaneiro de 2017 e a Orde do 18 de decembro de 2020, que modifican a anterior. Un exemplar dos mesmos está á súa disposición no taboleiro interior de anuncios do centro, xunto coas instrucións da Dirección Xeral de Centros e da Xefatura Territorial de Pontevedra para este proceso.

B) Oferta de postos escolares vacantes:

6º curso de Educación Infantil, **5 anos: 4 (catro)**.

5º curso de Educación Infantil, **4 anos: 10 (dez)**.

4º curso de Educación Infantil, **3 anos: 25 (das cales 3 resérvanse para alumnado con neae, que de non cubrirse pasarán a vacantes para proverse de xeito xeral)**.

C) **As áreas de influencia para educación Infantil na E.E.I. O Grupo son as zonas de influencia do C.E.I.P. A Laxe e C.E.P. O Sequelo**, que son:

“C.E.I.P. A Laxe: Avda. De Ourense desde Estribela ata a esquina do concello, Rúa A Estrada ata o remate do IES Salvador Moreno, Rúa Inferniño, Camiño da Cortiña, Rúa República Argentina ata o inicio do Camiño do Canteiro, baixando cara o norte”.

“C.E.P. O Sequelo: Avda. De Ourense ata esquina do Concello, Rúa Méndez Núñez, Rúa Concepción Arenal (intersección coa rúa Estrada), Rúa Busto de Abaixo, Rúa Jaime Janer e transversais que soben a Ezequiel Massoni, e cara o Oeste”.

D) **Este centro está adscrito ao C.E.P. O Sequelo**, e este, á súa vez, ao IES Illa de Tambo.

E) **Este centro adxudicará 1 punto como criterio complementario**, segundo o aprobado polo Consello Escolar na súa xuntanza do 2 de abril de 2013, polo seguinte:

i) **Por solicitar en primeiro lugar un centro de ensino público.**

A valoración deste criterio será de 1 punto.

A acreditación farase de oficio polo propio centro, sendo o documento acreditativo a propia solicitude de admisión, anexo II da Orde.



- F) Prazo de presentación de solicitudes, reclamacións e recursos:
- a) **Prazo de presentación de solicitudes para novo alumnado: do 1 de marzo ao 21 de marzo, ambos incluídos.**
 - b) **Presentación de documentación acreditativa dos méritos alegados polos criterios de admisión: do 24 de marzo ao 6 de abril (se hai máis solicitantes que prazos).**
 - c) **Publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos: 19 de abril.**
 - d) **Prazo de reclamación ás listaxes provisionais de admitidos e non admitidos: 5 días a partires da data de publicación do listado provisional. As reclamacións resolveranse no prazo de 5 días.**
 - e) **Publicación das listaxes definitivas do alumnado admitido e non admitido: 3 de maio.**
 - f) **Contra as resolucións definitivas na admisión do alumnado ditadas polos consellos escolares dos centros públicos, poderá interperse recurso de alzada ante a xefatura territorial competente en materia de educación no prazo dun mes contado desde a súa notificación.**
 - g) **Prazos de formalización de matrícula: do 20 ao 30 de xuño.** Se finalizado o prazo de matrícula non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida.
- G) Esta E.E.I. non ten servizos complementarios de transporte nin comedor, pero o alumnado matriculado pode utilizar estes servizos no centro ao que estamos adscritos, CEP O Sequelo.
- H) **Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar. A infracción a esta norma determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.**
- I) **O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto debe comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.**
- J) **O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.**

LEXISLACIÓN APLICABLE

Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria e de bacharelato reguladas na lei orgánica 2/2006 (DOG nº 29 do 11 de febreiro do 2022).

Orde do 12 de marzo de 2013 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, (DOG nº 53 do 15 de marzo de 2013), pola que se desenvolve o procedemento de admisión.

Orde do 25 de xaneiro de 2017 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DOG nº 22 do 1 de febreiro de 2017), que modifica o desenvolvemento e procedemento de admisión.

Orde do 18 de decembro de 2020 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, DOG nº 256 do 22 de decembro de 2020), pola que se desenvolve o procedemento de admisión.

INFORMACIÓN A TER EN CONTA

Cada alumna ou alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar: advírtese que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

As solicitudes axustaranse ao modelo oficial, ANEXO II da orde + o ANEXO II bis. Proporcionarase tamén un Anexo A, para cubrir de xeito voluntario. Debe cumprimentarse axeitadamente e será asinada por calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillas/fillos comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

No caso de separación ou divorcio requírese a sinatura dos dous titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a un deles con carácter exclusivo. En ambos casos será necesario presentar, xunto coa solicitude de admisión, a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo.

En situacións de violencia de xénero non será esixible o previsto no parágrafo anterior.

O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

A documentación que se presente en calquera trámite do procedemento deberá ser orixinal e fotocopia:

1 - Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando denegue a súa consulta.

2 - Documento acreditativo do requisito de idade do/da alumno/a (DNI ou libro de familia no seu defecto).

3 - Convenio regulador ou resolución xudicial de separación ou divorcio, se é o caso.

Marín, 28 de febreiro de 2022